

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2022**
Ás 17.00 horas do día 14 de decembro de 2022, réunese a Comisión Informativa de
Transparencia e Administración Provincial, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa
asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por
dona Ana Patricia Torres Madureira).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se
reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 16 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE HORA E DE DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS CORRESPONDENTES AO PLENO ORDINARIO PROVINCIAL A REALIZAR NO MES DE XANEIRO 2023.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a hora e a data das sesión das comisión informativas correspondentes ao pleno ordinario provincial a realizar no mes de xaneiro 2023, realizándose todas elas o mércores día 18 de xaneiro, en horarios de 16.30 (Transparencia e Administración Provincial), 17.00 (Economía e Facenda), 17.30 (Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural), 18.00 (Reto Demográfico, Benestar e Emprego), 18.30 (Termalismo, Turismo e Medio Ambiente) e 19.00 horas (Cultura, Deportes e Mocidade).

2º.- A sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de xaneiro de 2023 mantense na data 27 de xaneiro de 2023, ás 10.00 horas.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A DISTRIBUCIÓN XUSTA E EQUITATIVA DOS FONDOS PÚBLICOS EUROPEOS QUE RECIBIRÁ A DEPUTACIÓN PARA DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura á moción do seu grupo.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, intervén para indicar que ela entende que ás veces existen mocións ou iniciativas de partido que os grupos teñen que tramitar, pero que hai certas liñas que non se poden cruzar, así, a exposición de motivos desta moción utiliza termos como corrupción para referirse á actitude do grupo de goberno e dos seus socios, polo que ela se dá por aludida. Entende que non se pode acusar de forma expresa a un goberno de

corrupto sen ter unha sentenza que o avale. Engade que esta actitude do Grupo Socialista lle parece moi grave, polo que vai votar en contra da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, comeza dicindo que a distribución de fondos para a dixitalización que formula o goberno se podería solucionar dun xeito moito máis sinxelo, que fose o propio goberno central o que lles transferise directamente os fondos aos concellos. Como exemplo sinala que esta semana a ministra Maroto estivo na provincia presentando plans turísticos, pero parece que se esqueceu dalgúns concellos eminentemente turísticos da provincia, como o de Allariz. Engade que a actitude que está tendo o goberno central co reparto dos fondos Nex Generation e o financiamento de proxectos municipais empeza a molestalo, porque parece que é todo menos equitativo. Respecto á proposta de acordo da moción sinala que, en principio, non ten ningún problema en apoialo, pero reitera que todo sería moito máis sinxelo se desde Madrid se fixese un reparto obxectivo e equitativo.

D. Jorge Puma Tesouro, do Grupo Popular, indica que o seu grupo reserva o voto para o Pleno.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que posiblemente un sistema de reparto como o que fixera o goberno de Zapatero co Plan E sería máis xusto, se ben engade que é un tema moi complexo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, intervén para indicar, en referencia a este asunto, que outra mostra é a actitude da Xunta de Galicia, que esta semana acaba de presentar un proxecto de máis de 14 millóns de euros para o Castelo de Monterrei, cando entende que é unha infraestrutura turística moi importante, pero que xa está en bo estado.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial da institución a executar unha distribución dos fondos públicos que recibirá do Goberno de España, para impulsar a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais fundamentada, en todo caso, en criterios obxectivos, xustos e equitativos.

2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial da institución a impulsar proxectos especialmente dedicados á protección da poboación máis vulnerable e, en particular, a aqueles que teñan por obxecto reducir a fenda dixital e favorecer o funcionamento da atención ás persoas maiores e dependentes, no marco dos fondos públicos

que recibirá do Goberno de España para impulsar a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais.

3º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense apoia ao Goberno de España por ter conseguido fondos públicos da Unión Europea que impulsarán a dixitalización das entidades locais, permitíndolles aos concellos ourensáns avanzar na ansiada modernización dos seus servizos, unha convocatoria que beneficia especialmente a provincias como Ourense, ao recibir unha porcentaxe de axudas por enriba do seu peso poboacional.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.22 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.